



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARIÑO

Bases da selección do Campamento Concilia Cariño Verán 2025

A efectos de xeral coñecemento, faise público que mediante Decreto Alcaldía de data 20/05/2025, se aproban as **BASES DA SELECCIÓN DO CAMPAMENTO CONCILIA CARIÑO VERÁN 2025 (EXPDTE 2025/S011/000001)**, que se transcriben literalmente a continuación:

Vistas as bases da selección do campamento Concilia Cariño Verán 2025 (Expdte 2025/S011/000001), e que establecen:

1. OBXECTO:

O obxecto das presentes bases consistirá en establecer as pautas para a selección da poboación destinataria do presente programa.

2. PERSOAS DESTINATARIAS:

A poboación destinataria é a infancia do Concello de Cariño e Concellos limítrofes, con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos (ámboles incluídos) **xa escolarizados en Educación Infantil e primaria**.

3. LUGAR E PERÍODO DE REALIZACIÓN:

O campamento desenvolverase no CEIP Manuel Fraga Iribarne entre as seguintes datas :**DENDE 1 DE XULLO ATA O 29 DE AGOSTO DE 2025**. O horario será de 10 a 14 horas, de luns a venres. Ofertarase un servizo de acollida entre as 9.30 e as 10 da mañá e de recollida de 14 a 14.30 horas (fóra de ese horario non se poderá acceder ao campamento).

4. PRAZAS OFERTADAS:

O campamento Concilia Cariño oferta 36 prazas semanais para os nenos e nenas que cumpran os requisitos de admisión.

Resérvanse 2 prazas para nenos e nenas con discapacidade igual ou superior ó 33%. A asignación destas prazas realizarase a través dun informe técnico dos servizos sociais ,tendo en conta os beneficios vinculados ó feito de participar nas actividades que se van a desenvolver. A discapacidade deberá acreditarse co certificado de discapacidade emitido polo órgano competente.

No suposto de que as prazas reservadas non se cubran, estas pasarán a acumularse ó resto das prazas.

5. PRAZO DE SOLICITUDE:

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles dende a aprobación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

As solicitudes deberán ser asinadas polo pai, nai ou persoa titora legal do menor e presentaranse no portal web de SONAGA GESTIÓN SL, empresa adxudicataria do servizo, concretamente na dirección: <https://escuelacontalento.es/campamentos/>. Consideraranse admitidos, todos aqueles que cumprindo o requisito da idade, acheguen a documentación necesaria e aboan as taxas.

6. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN:

O campamento levarase a cabo cun número mínimo de cinco participantes .

a) Os/as participantes no campamento deberán ter entre 3 e 12 anos, ámbolos dous incluídos, e estar xa escolarizados en educación Infantil ou primaria.

b) Terán preferencia os/as menores empadroados no concello de Cariño.

c) No caso de que, atendidas as solicitudes que cumpran o requisito anterior, quedaran prazas vacantes, terán preferencia os/as menores cuxos pais, nais ou representantes legais cos que convivan e teñan a obriga do seu coidado, traballen no termo municipal do concello de Cariño e así o acrediten.

d) Atendidos os criterios anteriores de preferencia, se persiste a existencia de prazas vacantes, queda aberta a participación ás actividades do campamento a calquera que presente solicitude e cumpra os requisitos das presentes bases,atendendo ó orde de presentación da instancia.

7. CRITERIOS DE SELECCIÓN:

a) Respectando as preferencias a que fan referencia as letras b) e c) do punto 6, en primeiro lugar seleccionárase aos nenos e nenas daquelas unidades familiares nas que ambos proxenitores teñan vixente unha relación laboral en horario de mañá, acreditando esa circunstancia no prazo de presentación de instancias, ou estean realizando un curso do plan de formación en horario de mañá impartido dentro da formación para persoas desempregadas das distintas administracións públicas. No caso de non acreditarse debidamente entenderase que non se atopan en ningunha destas circunstancias.

No suposto de separación, divorcio ou familias monoparentais, atenderase a que este requisito se cumpra respecto do proxenitor que se atope a cargo do/a menor.

b) De contar con máis solicitudes que cumpran este criterio que prazas vacantes, a selección farase seguindo a orde de inscrición, sempre respectando as preferencias anteriores, isto é: da totalidade de participantes que sexan menores empadroados en Cariño en primeiro lugar e só de quedar prazas vacantes, os menores de proxenitores que traballen en Cariño.

c) De resultaren prazas vacantes, unha vez adoptados estes criterios, os restantes participantes no campamento seleccionáranse por rigorosa orde de presentación das instancias.

d) Unha vez cubertas o máximo de prazas ofertadas, o resto de aspirantes pasarán á lista de agarda. A orde dos aspirantes na lista de agarda virá determinada pola orde de inscrición.

e) Os participantes perderán o seu dereito á praza no campamento no suposto de contar con máis de tres faltas sen xustificar. A xustificación deberá realizarse ante a empresa encargada do servizo.

8.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- Solicitud asinada
- Fotocopia dos DNI das persoas autorizadas para a entrega e recollida
- Fotocopia do DNI do/a menor
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a menor
- Fotocopia do libro de familia ou número de rexistro dixital
- No caso de ter certificado de discapacidade, copia do mesmo
- Documento acreditativo da situación laboral ou de estar realizando formación regradada para o emprego (cabeceira da nómina, xustificante pago autónomos, vida laboral, etc...). Para acreditar a situación descrita no punto 7,a); presentárase declaración responsable acreditativa na que se indique o horario laboral de ambos proxenitores.
- No caso de separación/divorcio entre os pais, copia da mesma para acreditar o réxime de custodia.
- Certificado ou informe do empregador acreditativo de que alomenos un dos proxenitores está traballando en Cariño ou declaración responsable. (No caso de atoparse nalgunha das situacións descritas no punto 6). A comprobación do empadramento no Concello de Cariño farase de oficio polos servizos municipais, excepto que non se autorice esta, en cuxo caso deberá acompañarse á solicitude.

9.-TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES

A comprobación dos requisitos e do cumprimento dos criterios de selección realizarase polo Concello.

10.- LISTADO DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

Comprobado o cumprimento dos requisitos das persoas solicitantes, elaborárase unha lista de admitidos e excluídos, indicando o motivo da exclusión.

Este listado publicarase no taboleiro de anuncios electrónico e concederase un prazo de 2 días hábiles para subsanación ou presentación de alegacións.

Transcorrido o prazo anterior, resolverase a listaxe definitiva de admitidos e publicarase do mesmo xeito.

Os solicitantes que aparezan na lista definitiva de admitidos que se publicará no taboleiro electrónico do Concello, disporán de 3 días hábiles a contar dende o día seguinte a dita publicación para realizar o pagamento na conta bancaria do concello.

11.- PREZO PÚBLICO.

En virtude de acordo da Xunta de Goberno Local de data 04/02/2025, publicado no BOP nº 26, de 07/02/2025, establécese o prezo público pola prestación do servizo da actividade de campamento Concilia Cariño VERÁN 2025, que se realizará no Concello entre o 01/07/2025 e o 29/08/2025.

O feito do que deriva a obriga do pagamento é a asistencia dun menor ao citado campamento, e os suxeitos pasivos o prezo público son os pais/nais ou titores legais. O prezo por asistencia ao Campamento, por cada semana, é de: 1º membro da unidade familiar: 20 €, 2º membro da unidade familiar: 15 €, posteriores membros da unidade familiar: 12 €.

ANEXO I : SOLICITUDE PARA O CAMPAMENTO CONCILIA CARIÑO VERÁN 2025

DATOS PERSONALES DO NENO OU NENA

Nome e apelidos: _____ Data de nacemento: _____

Dirección: _____ Poboación: _____ C.P. _____

No Seguridade Social: _____

Alerxias, intolerancias, ou outras circunstancias médicas:

DATOS FAMILIARES

Nome completo PERSOA TITORA 1 _____ DNI: _____

Tlf. móbil _____ Tlf. traballo _____ Correo electrónico _____

Nome completo PERSOA TITORA 2 _____ DNI: _____

Tlf. móbil _____ Tlf. traballo _____ Correo electrónico _____

AUTORIZACIÓNS PARA RECOLLER O ALUMNO / A ALUMNA (distintas de persoas titoras)

Nome e apelidos: _____ DNI _____

Nome e apelidos: _____ DNI _____

Nome e apelidos: _____ DNI _____

SERVIZOS SOCILITADOS

- ☐ Servizo conciliación día ou días específicos non lectivos.
- ☐ Servizo conciliación Entroido.
- ☐ Servizo conciliación Semana Santa.
- ☐ Servizo conciliación verán.
- ☐ Servizo conciliación Nadal.

Datas de asistencia e horario:

DECLARACIÓNS E OBRIGAS

- ☐ Coñezo a tarifa de prezos vixente e acepto a normativa do servizo.
- ☐ Autorizo ás persoas enriba indicadas á recollida do meu fillo / da miña filla.
- ☐ Autorizo ao persoal de escolaContalento ao traslado do meu fillo / da miña filla en caso de urxencia ao centro médico.
- ☐ Autorizo a realizar todas as saídas programadas e organizadas por escolaContalento.

En base ao exposto RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar as bases da selección do campamento Concilia Cariño VERÁN 2025 (Expdte 2025/S011/000001).

SEGUNDO: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia.

Cariño, 20 de maio de 2025

A Alcaldesa

Asdo: Ana Mª López Fernández

2025/3247